OBRADOIRO DE xpresión ESCRITA

Os alumnos/as de 6ºB seguimos a traballar no Obradoiro de Expresión Escrita que empezamos neste curso. Neste trimestre traballamos o seguinte.

6ºB

ACRÓSTICOS

Leo moito, aínda que me pase.

En Mallorca lin ata non pasarme.

Cun bo libro voan millóns de lecturas.

Tan tolos son os libros que os leo.

Unha e outra vez volvo a ler.

Raro pode ser, pero tamén é divertido.

Antes de morrer espero ser un bo lector.

PALÍNDROMOS

Xarol a Lorax. Roma, Amor.
A pata , a tapa. No subas abusón

LIPOGRAMAS

(Sen a letra z) *Esta semá fomos a Mallorca. Alí visitamos moitos sitios como: Aqualand, Wester Park, a Fábrica de vidro, as Covas do Drach e as praias.*

(Sen a letra s) *O gran home de alí botábame un mal de ollo que facía que non puidera confiar nel. O home faría maxia comigo, faríame cambiar pero o mal que me botaba parecía de xeo.*

GREGUERÍAS

O E é un peine cando o pós boca abaixo.

O W é una montaña rusa.

O P é un pirata que perdeu a sua perna.
Un libro son letras a porrillo.

O 2 é un pato esparruchado contra o papel.

O T é un mástil con gominola.

TAUTOGRAMAS

Sempre souben saber se Sara sabía saltar sobre sete setas seguidas.
Mamá mira mazás mentres merco melóns.

O RECANTO DO ESCRITOR

CLARA SALVA GALICIA

Hai moitos anos, na Península Ibérica, non existía Portugal. Parecía que Galicia non pertencía a España e, pouco a pouco, separábase do resto da península. Nesta época, había uns animaliños moi pequeniños que fabricaban as moedas e os billetes comendo o lixo que había nos contedores. A metade das moedas, eran para un monstro xigante que comía un montón destas. Os animaliños pedíronlle ao monstro que cada vez que lle desen cartos, él xuntaría Galicia coa península. Así, todos cooperaban.
Chegou un día, no que as persoas pararon de reciclar e tiraron o lixo ás estradas, aos bosques, ás rúas, ao mar… Cando os animaliños foron coller o lixo aos contedores, estes estaban baleiros. Ás cinco da tarde era a hora de levarlle os cartos ao xigante. Cando este víu chegar aos animaliños sen "comida", enfadouse tanto que, dunha patada, separou a Galicia da Península Ibérica e deixouna flotando polo océano Atlántico.
Os galegos estaban alarmados, non sabían que facer, ata que, unha nena, aínda que vos pareza difícil, calmou a toda Galicia mentres se dirixían ao Golfo de México.
A nena chamábase Clara, tiña doce anos, era moura, cuns ollos verdes, de mediana estatura, tiña as cellas arqueadas e chato o naris.
Cando ían chegar ao Golfo de México, viron que había un terrible movemento de olas e, cunha destas, sobrevoaron América Central. Cando os americanos viron pasar Galicia sobrevoando as súas cabezas, dispararon e déronlle ao este de Galicia formando o Macizo Galaico porque, como dispararon por abaixo, a terra subiu formando montañas.
Os galegos estiveron todo un día no océano Pacífico sen nada que comer porque, antes de que o monstro lle dese unha patada a Galicia, levouse toda a comida para darlles un merecido por non reciclar. Toda a xente estaba famenta e devoráronse uns a outros, menos Clara. Esta nena era astuta e paciente e cando vÍu que unha persoa ía devorar a outra, escondeuse nunha cova. Cando todos estiveron mortos, Clara tivo una idea. Recolleu todo o lixo de Galicia e o tirou aos contedores correctos para que cada animal que fabricaba cartos o comese e o levase ao monstro. Pero estes animais non tiñan ás. Así que Clara fabricou unhas ás para cada "fabrica cartos". Os animaliños leváronlle todo o diñeiro ao xigante, que foi ao océano Pacífico, xa contento, a unir Galicia con España. Os "fabricacartos", non atopaban a Clara por ningures. Pero, cando a atoparon, estaba morta. Tanto traballo por salvar Galicia non o aguantou. Os animaliños, como na prehistoria, fabricaron un dolmen e meteron dentro á nena, pero, cando a ían enterrar, a nena espertou e toda a súa felicidade, todo o seu trabalo e orgullo, fixo que as persoas de Galicia tamén espertaran.
Así que recordade, hai que reciclar porque se non cousas malas poderán pasar.

LAURA SALGUEIRO. 5º C.

PALABRAS DE AUGA

Marcos Calveiro

Este curso no Plan lector o 3º ciclo de Ed. Primaria lemos varios libros. Cada curso mercou un e despois fómolos pasando ás outras clases. Os títulos foron:

- 5º A: "Palabras de auga", Marcos Calveiro.
- 5º B: "La voz de los sueños y otros cuentos prodigiosos".
- 5º C: "Mil cousas poden pasar" Jacobo Fernández.
- 6º A: "Don Quijote", Miguel Cervantes.
- 6º B: "A coitada Lúa" , Rosalía Morlán.
- 6º C:"Mitos griegos", María Angelidou.

Imos recomendar un deles: " Palabras de auga". Marcos Calveiro

Este libro ensínanos a non desperdiciar os alimentos que nos permiten vivir, porque non toda a xente pode conseguilos; como Amadou e a súa tribo, que vivían na Sabana, un lugar onde escasea a auga e a comida. Na época da que fala o libro, abundan as guerras e hai tamén moitas mortes pola fame e pola falta de auga, polo tanto o pobo non tiña unha vida apropiada. O narrador explica as dificultades desta tribo para sobrevivir.
É unha historia fermosa, pero triste con algunhas escenas de violencia, de dor e de inxustiza que sufren as persoas, e sobre todo os nenos, que son escravizados para servir como soldados.
Este libro pode ensinarnos moitas cousas valiosas, como a non rendirse, a non perder a esperanza e a seren solidarios. É una historia moi interesante que explica as dificultades para facerse maior. Aínda que ao principio non se entenda moi ben, pois o escritor utiliza a lingua swahili para expresar moitos momentos importantes da historia, despois que te metes na pel do personaxe, a historia resulta conmovedora.Non é un libro só para nenos, tamén pode recomendarse aos adultos para que reflexionen sobre a importancia de non darse por vencidos

MANUEL RICO, ADRIÁN RIVEIRO E BELÉN VALLE. 6º C.